



Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería de Medio e Cambio Climático (Augas de Galicia), para que *de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a normativa de aplicación, conteste expresamente aos escritos presentados polo promotor deste expediente de queixa se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, os escritos presentados pola cidadanía*

Expediente: C.8.Q/4527 A
4541/25

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2025

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX en representación da Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, por falta de resposta a diferentes escritos presentados sobre a problemática de apertura de encoros.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: En data do 21/02/25 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica que:

Os colectivos do mar das rías de Arousa e de Muros-Noia, vimos padecendo periodicamente sucesos de avalanchas de auga doce procedentes dos encoros, que acontecen coincidindo con episodios de intensas choivas anunciadas previamente polo servizo de Meteogalicia.

Estes desencoros realízanse por parte das empresas concesionarias, sen previo aviso, sen coincidir coa marea chea e aportando volumes moi importantes de auga doce en pouco tempo.

Esta realidade ven repetíndose desde hai moito tempo a pesares de habelo denunciado publicamente en repetidas ocasións e, ano tras ano, produce unhas



mortandades masivas de bivalvos na zona intermareal e unhas perdas económicas importantes para o conxunto das mariscadoras.

Desde hai uns anos remitimos a Augas de Galicia escritos denunciando esta situación e reclamando a actuación deste organismo dentro da súa area competencia).

Os últimos escritos -dos que ternos constancia- enviámoslos en febreiro e outubro de 2023 e en outubro de 2024.

Augas de Galicia nunca nos contestou aos escritos remitidos por este motivo, pero, ademais de ignorarnos, tampouco toman ningunha medida para solucionar o problema.

Por todo isto solicitamos a intervención da Valedora do Pobo, ao entender que se están conculcando os nosos dereitos cidadáns.

A persoa promotora desta queixa aporta copia de documentos presentados ante esa entidade pública empresarial cos seguintes datos:

N.Rex entrada: 2023/516495- Data: 14.02.2023 ante Augas de Galicia

N.Rex entrada: 2023/2865662- Data: 24.10.2023 ante Augas de Galicia

N.Rex entrada: 2024/2876298- Data 05.10.2024 ante Augas de Galicia

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a Augas de Galicia con data do 11/03/2025. Posteriormente efectuouse un requirimento, con data do 10/04/2025.

TERCEIRO.- Con data do 16/05/2025 recíbese nesta institución un informe remitido por Augas de Galicia no que se fai constar literalmente o seguinte:

Asunto: Informe sobre a queixa presentada por XXX en representación da Asociación Plataforma en Defensa da Ría de Arousa.

O 12.03.2025 tivo entrada en Augas de Galicia a queixa presentada ante a Valedora do Pobo por XXX en representación da Asociación Plataforma en Defensa da Ría de Arousa na que se indica canto segue:



Os colectivos do mar das rías de Arousa e de Muros-Noia, vimos padecendo periodicamente sucesos de avalanchas de auga doce procedentes dos encoros, que acontecen coincidindo con episodios de intensas choivas anunciadas previamente polo servizo de Meteogalicia.

Estes desencoros realízanse por parte das empresas concesionarias, sen previo aviso, sen coincidir coa marea chea e aportando volumes moi importantes de auga doce en pouco tempo. Esta realidade ven repetíndose desde hai moito tempo a pesares de habelo denunciado publicamente en repetidas ocasións e, ano tras ano, produce unhas mortandades masivas de bivalvos na zona intermareal e unhas perdas económicas importantes para o conxunto das mariscadoras.

Desde hai uns anos remitimos a Augas de Galicia escritos denunciando esta situación e reclamando a actuación deste organismo dentro da súa área competencia.

Os últimos escritos -dos que temos constancia- enviámoslos en febreiro e outubro de 2023 e en outubro de 2024.

Augas de Galicia nunca nos contestou aos escritos remitidos por este motivo, pero, ademais de ignorarnos, tampouco toman ningunha medida para solucionar o problema.

Nos escritos remitidos a Augas de Galicia pola Asociación Plataforma en Defensa da Ría de Arousa o 14.02.2023, 24.10.2023 e o 05.12.2024 expoñíanse as consecuencias que teñen para os cultivos marisqueiros da Ría de Arousa a coincidencia de períodos de fortes choivas coa apertura das comportas dos encoros e solicitábase que se adoptaran as medidas correctoras tanto técnicas como regulamentarias necesarias para solucionar o problema, así como incorporar ás Confrarías de Rianxo, Carril e a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa á comisión de desaugamento da zona hidrográfica na que se inclúen os encoros de Portodemouros, Brandariz e Touro e ás Confradías de Cambados, O Grove e a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa na comisión de desaugamento da zona hidrográfica na que se inclúe o encoro de Caldas de Reis.

O réxime de enchido e baleirado dos encoros ven establecido nas súas normas de explotación elaboradas polos seus titulares e aprobadas por Augas de Galicia que inclúen o programa normal de enchido, baleirado e resgardos e as actuacións



específicas en caso de avenidas dando así cumprimento ao establecido tanto na normativa en materia de augas como na normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro.

Ademais do establecido nas normas de explotación, para cada unha das zonas hidrográficas nas que se dividen as bacías de Galicia Costa (Sur, Centro, Norte e A Mariña) constituíuse unha comisión de desaugamento coa función de deliberar e formular propostas a Dirección de Augas de Galicia sobre o réxime adecuado de enchido e baleirado dos encoros e acuíferos da demarcación hidrográfica de Galicia Costa, atendidos os dereitos dos distintos usuarios.

As comisións de desaugamento realizan sesións ordinarias dúas veces ao ano, unha no outono e outra na primavera, sen prexuízo daquelas outras sesións extraordinarias que teñan lugar para o cumprimento das funcións.

A composición das comisións de desaugamento está regulada no artigo 21 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro. Neste artigo establécese que formarán parte das comisións de desaugamento a persoa titular da Comisaría de Augas, ata tres membros do persoal técnico de Augas de Galicia e a representación das persoas usuarias afectadas con dereitos inscritos ou en trámite de inscrición no Rexistro de Augas.

A representación das persoas usuarias afectadas articúlase como segue (artigo 21.5 do Estatuto de Augas de Galicia):

Por cada municipio, mancomunidade de municipios, consorcio, área metropolitana ou entidade subministradora titular de concesións de abastecemento de auga con poboación abastecida superior a cen mil habitantes, un/unha representante.

Pola agrupación única do resto de municipios abastecidos, un/unha representante por cada cen mil habitantes ou fracción, ata un máximo de dous.

Un/unha representante por cada Administración ou institución pública titular de grandes encoros, de acordo coa definición de grande encoro prevista na normativa xeral en materia de augas.



Nos usos agrícolas de rega que utilicen augas superficiais, pola agrupación de todas as comunidades de persoas regadoras e persoas regadoras individuais, un/unha representante, elixido/a entre eles/elas.

Cada empresa produtora de enerxía eléctrica con potencia hidroeléctrica instalada superior a 100.000 kVA designará un/unha representante.

Polo resto de aproveitamentos non incluídos entre os anteriores e en representación de intereses non específicos, a persoa titular da Dirección de Augas de Galicia poderá designar ata dous/dúas representantes máis.

Garantírase, en todo caso, a representación individual ou colectiva das entidades públicas ou privadas que teñan algún dereito específico sobre o encoro de que se trate, en caso de non se incluír nos supostos das letras precedentes.

A comisión de desaugamento da zona hidrográfica Galicia Centro é a encargada de deliberar e formular as propostas á Dirección de Augas de Galicia sobre o réxime de enchido e baleirado, entre outros, dos encoros de Portodemouros, Brandariz e Touro.

Nesta comisión os intereses non específicos (art. 21.5.f)) están representados pola Confraría de Pescadores de Santiago Apóstol de Carril e pola Confraría de Pescadores de San Bartolomé de Noia.

Polo tanto a Confraría de Carril xa forma parte da citada comisión de desaugamento e os citados intereses xa teñen toda a representación na comisión de desaugamento da zona hidrográfica Galicia Centro que o Estatuto de Augas de Galicia permite (dous representantes).

Pola súa parte, corresponde á comisión de desaugamento da zona hidrográfica Galicia Sur deliberar e formular propostas a Dirección de Augas de Galicia sobre o réxime adecuado de enchido e baleirado dos encoros situados nesa zona hidrográfica, entre eles, o encoro de Caldas de Reis.

Neste momento na comisión de desaugamento da zona hidrográfica Galicia Sur non hai designado ningún representante conforme aos criterios do artigo 21.5.f) do Estatuto de Augas de Galicia.

Atendendo a consideracións que poidan ter entidades concretas ou outros organismos é competencia da persoa titular da Dirección de Augas de Galicia a designación de representantes de intereses non específicos tendo en conta as competencias das comisións, os intereses alegados e ás entidades que os poidan representar.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: a problemática en que se basea esta queixa é, por unha banda o que refiren, relativo aos *“sucesos de avalanchas de auga doce procedentes dos encoros”*, e por outra a falta de resposta aos escritos que sobre o asunto, presentaron en Augas de Galicia en diferentes datas, e dos que non obtiveron contestación máis o amplo período de tempo transcorrido.

No que atinxe aos desencoros, significar que o réxime de enchido e baleirado ven establecido nas normas de explotación elaboradas polos titulares e aprobadas por Augas de Galicia que inclúen diferentes programas como o programa normal de enchido, o de baleirado e as actuacións específicas.

As bacías de Galicia Costa divídense en (Sur, Centro, Norte e A Mariña); estando constituída unha comisión de desaugamento coa función de deliberar e formular propostas a Dirección de Augas de Galicia sobre o réxime adecuado de enchido e baleirado dos encoros e acuíferos.

A composición das comisións de desaugamento regúlase polo artigo 21 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro.

A representación das persoas usuarias afectadas articúlase segundo dispón o artigo 21.5 do Estatuto de Augas de Galicia. A comisión de desaugamento da zona hidrográfica Galicia Centro é a encargada de formular as propostas á Dirección de Augas de Galicia sobre o réxime de enchido e baleirado, entre outros, dos encoros de Portodemouros, Brandariz e Touro.

A Confraría de Carril forma parte da citada comisión de desaugamento e os intereses xa teñen toda a representación (2 representantes) na comisión de desaugamento da zona hidrográfica Galicia Centro que o Estatuto de Augas de Galicia prevé.

No que atinxe á falta de resposta a escritos, salientar que o promotor deste expediente documentou ter presentado diferentes escritos nesa entidade pública empresarial como foi indicado na solicitude de informe cursada dende esta institución con data do 11 de marzo do ano en curso.

Segunda: Nada consta no informe remitido por Augas de Galicia sobre a eventual resposta que se proporcionara ao promotor desta queixa, en representación da Plataforma en defensa da Ría de Arousa, aos diferentes escritos que presentara, senón que céntrase no informe remitido no curso desta investigación, nomeadamente, no réxime de enchido e baleirado dos encoros segundo establecen as súas normas de explotación elaboradas polos seus titulares e aprobadas por Augas de Galicia -que inclúen o programa normal de enchido, baleirado e resgardos- e as actuacións á composición das comisións de desaugamento e a súa regulación por medio do artigo 21 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro.

Terceira : Tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula os “Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”, entre eles: a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.



Cuarta: Esta institución, atópase especialmente vinculada polo disposto no artigo 20, último parágrafo, da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo, segundo o cal en calquera caso velará por que a Administración resolva expresamente, en tempo e forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

Sobre a base das argumentacións expostas, resolveuse formular a seguinte:

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a Augas de Galicia o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a normativa de aplicación, debe contestar expresamente aos escritos presentados polo promotor deste expediente de queixa se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo,



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)